

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 30 de xullo de 2013

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Agüete, Pilar
Muleiro Parada, Luis
Orge Míguez, José Carlos
Valcárcel Fernández, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Emma

Aneiros Pereira, Jaime
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Cabeza Pereiro, Jaime
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, M^a Noemi
García Mosquera, Marta
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Yáñez, Nora M^a.
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Domínguez, M^a Mar
Santos Castroviejo, Iago
Tato Plaza, Anxo
Trigo Gómez, Pilar

Salgado André, Elena

Fernández Huidobro, Adrián

López Prieto, M^a Nieves
Ramil Vázquez, Paula
Rivas Suanzes, M^a. Fernanda
Vázquez Escudero, Antonio José

Iníciase a reunión sendo as 10.35 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (actas das reunións do 8 e 12 de xullo de 2013).
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, das alegacións aos informes de seguimento do grao en Dereito e do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
4. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión de Calidade do Centro.
5. Aprobación, se procede, da modificación da guía docente da materia *Introdución á socioloxía*.
6. Rogos e preguntas.

Comeza a reunión sendo as 10.45 da mañá. A Decana excusa a ausencia na Xunta das seguintes persoas: Dona Esther M^a. González Pillado, Dona M^a Belén Fernández Docampo, Don Pablo Grande Seara, Dona Teresa Martínez Táboas, Dona M^a Cruz Barreiro Carril, Dona María Montero Muñoz, Dona Mónica Zas Varela e Don Isaac Borja Araujo Figueroa.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (actas das reunións do 8 e 12 de xullo de 2013).

A Decana explica que se propón a aprobación da acta da reunión extraordinaria na que se levou a cabo a votación para a elección da Decana, xa que non se realizan reunión extraordinarias con asiduidade.

Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informes da Decana

A Decana informa dos seguintes asuntos:

- a) Felicita os Profesores que recentemente teñen acadado o título de Doutor, o Don Aday Jiménez, Don Ángel M. Mariño de Andrés e Dona Elena Salgado André.
- b) En relación coa simultaneidade dos Títulos de Dereito e ADE, a Decana informa que o 29 de xullo reuníronse os Decanos de ambos Centros, xunto cos Directores de Departamentos e algún Profesor mais, pola súa especial implicación nesta cuestión. O que se pretende é que cursando 340 ECTS, en 5 anos, os estudantes obteñan ese título simultáneo. A Comisión para a elaboración da Memoria deste proxecto, comezará a traballar en outubro, previsiblemente, pois primeiro ten que aprobarse a modificación do Título de Grao en Dereito.
- c) A Decana informa que se recibiu no Decanato unha resolución de Secretaria Xeral con recomendacións sobre elaboración do calendario de avaliación para o curso 2013/2014. Este documento refírese o recoñecemento do dereito dos estudantes ó cambio de data de exame, no caso de coincidencia de matterías nas que esté matriculado. Este protocolo xa se ven aplicando na Facultade por mor dun acordó expreso desta Xunta no que o recolle.
- d) Sobre as guías docentes das titulacións do Centro, a Decana informa que están publicadas na páx. web do Centro.

- e) En relación cas Memorias do Máster en Mercado e do Programa de doutoramento “Ordenación Xurídica do Mercado”, a Decana informa que recibiron a avaliación positiva da AGSUC.
- f) Finalmente, no que atinxe a solicitude do Departamento de Dereito Público, sobre a modificación dos Tribunais de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria, a Decana informa que non se inclúen na orde do día desta Xunta pois non se realizou no período oportuno e dado que o cambio que se propón non é relevante o supor únicamente que unha Profesora do mesmo Departamento pasa a substituír a outra de idéntico Departamento. A Profesora Almudena Bergareche sinala que o cambio solicitado ten que ver con que o Director do Departamento sexa membro necesariamente desos Tribunais. A Decana sinala que non é así, dado que ela mesma é membro desos tribunais no seu Departamento e non ostenta cargo algún.

3. Aprobación, se procede, das alegacións aos informes de seguimento do grao en Dereito e do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Apróbanse por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da modificación da composición da Comisión de Calidade do Centro.

A Decana explica que únicamente se cambia a condición da Profesora Mar Rodríguez que antes era membro desa Comisión como Vicedecana e, agora, o é como membro de calidade do Centro.

Apróbanse por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da modificación da guía docente da materia *Introdución á socioloxía.*

A Decana lee o email da Profesora Barahona sobre a súa petición: “*Estimada decana: Ruego me facilite poder hacer una aclaración en la Guía de 1º de Introducción a la Sociología, en concreto para la Evaluación de convocatoria Julio de 2013-14. Se trataría de incorporar un aspecto importante que no expuse para quienes se presentan a la convocatoria de Xulio y HAN SIDO asistentes a la EVALUACIÓN CONTINUA. Por tanto, el párrafo sobre*

Convocatoria de Julio debería quedar así: "En la convocatoria de Julio quienes no hayan superado o no hayan asistido a la Evaluación Continua pueden presentarse a un examen teórico-práctico cuya calificación final supondrá el 100%". Esto supone, eliminar en la Guía el párrafo sobre Julio que hace referencia a que el examen del 100% de nota es "sólo para no asistentes a evaluación continua".

A Decana da a palabra a Profesora Barahona que explica este cambio.

Apróbanse por asentimento, o que conleva que se debe solicitar a apertura da Guía.

6. Rogos e preguntas.

Non se fixeron rogos nin preguntas. A Decana desexa felices vacacións estivais a todos os membros da Xunta.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a sesión sendo as 11:30 horas do que dou fe como Secretaria.

Asdo. Emma Rodríguez Rodríguez